

# IDENTIDADE SOCIAL E MINORÍAS

---

*Luís Rodríguez Cao\**  
Equipo de Orientación Específico  
A Coruña

## 1. INTRODUCCIÓN

---

É razoable pensar que tódalas persoas que non sofren de patoloxía psicolóxica desexan ter unha boa imaxe de si mesmas. Unha boa forma de alcanzala consiste en obte-la aprobación do grupo social de referencia, mediante un proceso de identificación social que pode ser máis ou menos amplo.

Desde unha perspectiva psicolóxica, a análise dos grupos sociais abordouse tradicionalmente desde o estudo das relacións interpersoais. Estas relacións derivarían dun proceso de atracción entre os suxeitos que, finalmente, conduciría á formación do grupo social. Así, o trazo esencial que distinguiría un grupo dunha mera suma de individuos sería o concepto de “cohesión de grupo” (por exemplo, Festinger en 1950, páx. 274, define a cohesión como “a resultante de tódalas forzas que actúan sobre os membros para que permanezan no grupo”), cohesión que dependería de tres

factores principais: *a)* o propio atractivo do grupo, *b)* o atractivo dos membros que o compoñen, e *c)* a medida en que o grupo permite acadar obxectivos importantes para os seus membros.

Esta cohesión supón que, para que sexa posible a existencia dun grupo, debería haber un certo grao de atracción interpersoal entre os individuos, e que canto máis forte fose esa atracción, máis unido estaría.

Sen embargo, os límites teóricos desta concepción dos grupos sociais estriban na redución do grupo a un simple proceso de atracción interpersoal, sen que se considere a pertenza compartida a eles como factor mediador clave.

Fronte a esta concepción, a Teoría da Identidade Social reconceptúa o grupo desde un enfoque psicossocial, cun amplo compoñente cognitivo. Agora, o grupo social é definido como “una colección de individuos que se perciben a sí mesmos como membros de la misma categoría social” (Turner,

\* Orientador escolar especialista en Sobredotación intelectual.

1990, páx. 147) e existe como elemento de identificación social. Así, a atracción social entre as persoas non será xa necesaria para a formación dos grupos, aínda que si pode ser suficiente se fose asociada coa percepción dunha identidade social compartida.

Mediante un proceso de *categorización* de si mesmo, que basicamente consiste en interiorizar determinadas categorías sociais, o suxeito esaxera a percepción de semellanzas intracategoriais e de diferencias intercategoriais naqueles aspectos relacionados coa categorización; é dicir, o individuo percíbese en relación ós estereotipos do propio grupo. Encontrámonos, pois, ante un proceso de atracción intragrupal, non interpersoal.

Desde esa perspectiva clásica, Festinger (1954) mostrou cómo os suxeitos queren lograr unha boa imaxe de si mesmos, aínda que se centraba nas comparacións sociais entre individuos sen ter en conta a súa pertenza a diversos grupos sociais. A posición da Identidade Social, en cambio, sinala que esa pertenza ó grupo contribúe significativamente á imaxe que cadaquén ten de si mesmo. Con isto quérese significar que non é posible reducir a conduta humana ó ámbito das relacións interpersoais, senón que a pertenza a diferentes grupos sociais inflúe decisivamente na propia percepción e, conseguintemente, no autoconcepto.

Existen abundantes estudos que mostran cómo a creación artificial de dous grupos diferentes a partir dun

criterio banal (proposto arbitrariamente polo investigador), é condición suficiente para que apareza discriminación negativa —*rexeitamento*— cara ó *exogrupo* (o grupo ó que o suxeito non pertence) e discriminación positiva —*favoritismo*— cara ó *endogrupo* (grupo ó que pertence). Baste lembrar aquí os traballos de Sherif, realizados nos anos cincuenta, nos que se pon de



*Cuáquero* de Daumier. Esta secta que profesa a negación do dereito á lexítima defensa foi perseguida a morte en Inglaterra e Norteamérica. A súa loita contra a escravitude e a organización do socorro cuáquero internacional na Primeira Guerra Mundial valeulle ós seus comités británico e norteamericano, no ano 1947, o Premio Nobel da Paz.

manifesto a aparición de nesgo *endogrupal* cando se forman ó azar os grupos, nesgo que se fai máis patente se se introduce algún conflito de intereses entre os grupos que se establecen.

De aquí infírese que o suxeito tratará os membros do exogrupo como elementos indiferenciados dunha categoría social unificada, sen ter en conta aspectos ou consideracións individuais, pois atenderá unicamente ás características relevantes do grupo e, en consecuencia, o feito de percibir a outros como membros dun colectivo ou categoría social influirá decisivamente na visión que se ten del.

## 2. A CATEGORIZACIÓN SOCIAL

---

Acabamos de ver cómo o grupo social supón unha entidade cognitiva que debe distinguirse da mera relación interpersonal. Pois ben, o proceso cognitivo consistente en clasificar as persoas en categorías ou grupos distintos é o que constitúe a *categorización* social (Jiménez Burillo, 1981).

Este proceso cognitivo consiste, en realidade, nun mecanismo de estruturación e simplificación social. Desta forma, podemos considerala categorización social como un mecanismo simplificador que facilita a definición dun suxeito na sociedade, e que permite establecer unha diferenciación social entre o propio grupo e outros.

É importante resaltar que o feito de establecer esta diferenciación ten

influencia práctica na autopercepción e na conducta das persoas. Isto é, que a percepción da categorización social induce os suxeitos a percibirse a si mesmos como parecidos ós outros do propio grupo e como diferentes ós doutros alleos.

## 3. A IDENTIDADE SOCIAL

---

¿Que é, pois, a identidade social? Tajfel (1984, páx. 292) defínea como “aquella parte del autoconcepto de un individuo que deriva del conocimiento de su pertenencia a un grupo (o grupos) social junto con el significado valorativo y emocional asociado a dicha pertenencia” e, malia ó limitado desta definición —que xustifica, entre outras razóns, co fin de obviar-la discusión terminolóxica, a miúdo estéril, acerca de qué é a identidade—, resulta claro que o autoconcepto é máis complexo cá identidade social, e as súas pretensións céntranse en demostrar que a pertenza a certos grupos sociais inflúe decididamente na formación do autoconcepto. É dicir, que a identidade social describe aspectos limitados do autoconcepto e que son relevantes para a conducta social.

Isto é así porque o individuo dáse conta de si mesmo na sociedade, así que recoñece a súa identidade en termos socialmente definidos. Como vemos, destácase o carácter intergrupala da comparación social ó uni-la identidade social dun suxeito co coñecemento da súa pertenza a deter-

minados grupos sociais (enténdase ó significado emocional e valorativo desa pertenza). Trátase de engadir ás comparacións entre individuos —en tanto que individuos— aquelas baseadas na inclusión dun suxeito nun grupo social concreto. É máis, as consecuencias psicolóxicas derivadas da pertenza a un grupo son susceptibles de definición unicamente gracias á súa inserción nunha estrutura multigrupal, polo que a identidade social —entendida como o coñecemento que un suxeito ten de pertencer a certos grupos sociais e a significación emocional que dá a esa pertenza—, só pode definirse a través dos efectos das categorizacións sociais que delimitan o medio social. De aí que o relevante é que, dado que a identidade social se configura a partir da pertenza a un grupo, será necesario que ese grupo se diferencie doutros —de forma positiva ou negativa—, e ese carácter positivo ou negativo atribuído ó grupo social establecerase dentro do contexto social mediante un proceso de comparación con outros grupos.

Comezabamos este artigo sinalando —de acordo coa teoría da Identidade Social— que os suxeitos tenden a avaliarse a si mesmos de forma positiva. Consecuentemente, se se definen a si mesmos desde unha determinada pertenza a un grupo, avaliarán este tamén de forma positiva, co fin de lograr unha identidade social positiva. Por iso, a función do grupo social será a de protexe-la identidade social dos seus membros mediante a

diferenciación positiva respecto a outros grupos.

A forma de avalialo propio grupo é poñéndoo en relación con outros (exogrupos), de aí que a identidade social positiva supoña que o endogrupo poida ser avaliado positivamente en relación con aqueles cos que o comparamos. Turner (1990) sinala dúas hipóteses básicas neste proceso: *a)* as persoas están motivadas para establecer distincións positivas cara ós grupos cos que se identifican fronte ós exogrupos relevantes, e *b)* se a identidade social derivada da pertenza a un endogrupo non é positiva, os seus membros tratarán de abandonalo (de feito ou de forma psicolóxica) para unírense a outro.

Autores como Tajfel (1984) ou Turner (1990), entre outros, sinalan algunha das consecuencias ou estratexias que o suxeito pode utilizar para mellora-la súa propia identidade:

1. Un suxeito tende a permanecer como membro dun grupo (ou a busca-la pertenza a outros novos) se ese grupo contribúe positivamente á súa identidade social.

2. Se isto non ocorre, o suxeito tenderá a abandona-lo grupo, agás que: *a)* ese abandono sexa imposible por razóns obxectivas, ou *b)* que isto supoña entrar nun conflito con valores importantes que forman parte da súa autoimaxe aceptable.

3. No suposto de que se dean estas dificultades para abandona-lo

grupo, preséntanse dúas solucións: cambia-la interpretación sobre os atributos do grupo de forma que as características desagradables se xustifiquen ou se fagan aceptables mediante a reinterpretación; ou ben acepta-la situación tal cal é e comprometerse nunha acción social que a cambiaría na dirección desexada.

4. Os aspectos positivos da identidade social, a reinterpretación de atributos ou comprometerse na acción social, unicamente adquiren significado en comparación con outros grupos. Isto é así porque os grupos non viven illados.

A elección dalgunhas destas estratexias dependerá de diversas características estruturais da situación intergrupual: a estabilidade fronte á inestabilidade; a lexitimidade fronte á ilexitimidade do status relativo do endogrupo e a permeabilidade fronte á impermeabilidade dos límites grupais. En definitiva, estas estratexias pódense agrupar en torno a dous polos: mobilidade social (cando é posible abandonalo grupo negativamente avaliado e adherirse a outro) e cambio social (cando non é posible abandonalo grupo, os membros involúcranse en movementos sociais para cambia-lo status do grupo).

Así pois, a identidade social negativa pode converterse en motor ou elemento mobilizador de accións colectivas que intentan incrementar unha situación de grupo que se percibe como desfavorable.

Do exposto podería deducirse, erroneamente, que o proceso de categorización implica unha maior hostilidade cara ó exogrupo. De feito, o traballo de Adorno *et al.* (1950) parte dunha asunción similar ó analiza-lo etnocentrismo, termo que xa fora utilizado por Summer para se referir á tendencia a mostrarse ríxido na aceptación do culturalmente semellante e no rexeitamento do culturalmente diferente. Estudos como os realizados por Sabucedo, Ekehammar, Arce e Wendelheim (1990) ou Rodríguez, Sabucedo e Arce (1991) poñen claramente de manifesto que a valoración positiva do



Emigrantes xudeus chegando a Nova York a principios do século XIX. Os xudeus integráronse na sociedade americana sen perde-la súa identidade de grupo.

endogrupo non se traduce necesariamente en actitudes de rexeitamento ós exogrupos. Nesta mesma liña, os recentes traballos de Mummendey *et al.* (1992) examinan cómo só os membros dos grupos minoritarios e os de baixo status favoreceron o endogrupo fronte ós exogrupos.

#### 4. ESTEREOTIPOS SOCIAIS E MINORÍAS

Podemos agora aborda-la concepción psicosocial de 'grupo minoritario'. Con este concepto non nos estamos a referir ós criterios máis ou menos obxectivos de definición de grupo social (como poderían se-los económicos, culturais, raciais, etc.), senón que o que nos interesa é coñecer cáles son os efectos desa pertenza ó grupo sobre a conducta social.

As comparacións valorativas con outros grupos convértense nun aspecto importante da autoimaxe dunha persoa, especialmente se pertence a unha minoría 'inferior' en aspectos relevantes para esa sociedade. Cando as confrontacións son negativas, pode chegarse a interiorizar unha autoimaxe persoal negativa nos membros do grupo desvalorizado, aínda que se este ten as súas propias tradicións e valores ben integrados, unha autoimaxe negativa producida polas comparacións con outros grupos non ten por qué converterse no foco central da identidade do individuo, ó non existir unha desintegración social (se ben é claro que esta protección interna por parte da minoría

da propia estima do individuo non é máis ca unha faceta da aceptación do status pola minoría).

Una das concepcións máis utilizadas para describir unha minoría social é a proposta contra mediados de século polo sociólogo Louis Wirth, quen consideraba as minorías como un grupo de persoas que, debido a certos trazos físicos ou culturais específicos, reciben un trato diferente ou desigual ó que se lles outorga ós demais membros da sociedade na que vive e que se considera, en consecuencia, obxecto dunha discriminación colectiva.

Non é cuestión de número, senón da posición social do grupo que se considera minoritario. Estamos ante unha formulación psicosocial na que, para que exista unha minoría social diferenciada, cómpre que haxa unha conciencia de posuír algunha característica socialmente relevante que debe producir un sentimento de autoconciencia do grupo. Só cando o asignarse un mesmo, ou ó ser asignado polos demais, a unha entidade social particular trae consigo determinadas consecuencias sociais perceptibles —como son a discriminación e as actitudes negativas dos outros baseadas nalgún criterio común de pertenza— pódese desenvolver a conciencia de que se pertence a unha minoría.

Esta conciencia de pertencer a un grupo minoritario e a identificación con el, dependen da claridade con que se perciben os límites que separan conxuntamente os membros dese grupo

dos demais; claridade que resulta pola súa vez da existencia no grupo de certas crenzas sobre eles mesmos e a sociedade. Non se trata, como defende a Psicología Social de corte individualista, de que os individuos teñan determinadas motivacións persoais ou certos nesgos cognitivos que determinan as súas accións sociais, senón que esas motivacións e eses nesgos constitúen (Moscovici, 1981) parte das nosas representacións sociais.

Os aspectos de semellanza entre as diversas minorías sociais están referidos fundamentalmente á súa asociación cos denominados estereotipos negativos. Podemos concibi-los estereotipos como unha serie de características diferenciais asignadas a todos ou á maioría dos que comparten un atributo; é dicir, como a atribución de características psicolóxicas xerais a grupos humanos grandes. As súas orixes estarían en tradicións culturais xeneralizadas e xurdirían dun proceso de categorización clasificador —e simplificador— de certas características.

Unha distinción interesante siná-lana Turner e Giles (1981) ó faceren fincapé na diferenciación entre estereotipo e 'estereotipo social', pois os estereotipos só chegarán a ser sociais cando sexan compartidos por un gran número de persoas dentro dos grupos. Así pois, os estereotipos son certas xeneralizacións ás que chegan os suxeitos, e a súa función principal é a da simplificación e sistematización da información do medio e que, en gran

medida, teñen a súa orixe na categorización social.

Entre as funcións que cumpren os estereotipos podemos diferenciar-las individuais e as sociais. Nas primeiras atópanse as funcións cognitivas (por exemplo, a esaxeración subxectiva da significación dos acontecementos sociais pouco frecuentes) e as referidas á protección do sistema de valores sociais segundo a diferenciación intergrupala. Trátase, en definitiva, de que os suxeitos utilizan os estereotipos como unha axuda para estruturar cognitivamente o seu medio social e como protección do seu sistema de valores. Entre as segundas —funcións sociais— destacan a causalidade, a xustificación e a diferenciación social como factores de 'ideoloxización' das accións colectivas.

## 5. A VISIBILIDADE DAS MINORÍAS

Moscovici (1981) puxo de relevo o carácter adaptativo das accións sociais conformes ás normas sociais vixentes fronte ó carácter desadaptativo das que se apartan ou se enfrontan a ela. Baixo este modelo, a influencia social ten un claro sentido unidireccional, ó se-los grupos con poder os axentes de influencia, quedando relegados o resto nun papel subordinado, dos que se espera que se conformen ás normas da maioría.

Sen embargo, o criterio de visibilidade dunha minoría require matizacións importantes. É especialmente atractivo para un grupo domi-

nante atribuí-la situación dunha minoría ás propias características específicas desta e non á estrutura social. Isto equivale a facer recaer-la responsabilidade na propia vítima, sen que se resalte a importancia da dominación política exercida pola maioría sobre a minoría.

Por outra parte, a 'visibilidade' é un concepto demasiado relativo, ó non ser tan facilmente identificable como podería pensarse. Un exemplo: se a Alemaña nazi obrigou os xudeus a levar unha estrela marelada foi porque non eran tan recoñecibles polo seu aspecto físico como pretendía a propaganda do réxime. Un segundo exemplo: unha persoa pode ser considerada como 'negro' nos EUA se tivo algún ascendente negro.

Existe tamén unha reacción diametralmente oposta: a adopción deliberada das características identificables dun grupo como unha forma de acentuar-la consciencia de minoría. Así, nos últimos anos (Meintel, 1993) estase a producir un espertar da conciencia política de diversos colectivos que esixen ser recoñecidos como minorías (as mulleres son un bo exemplo, tamén os homosexuais).

Do exposto, parece claro que as minorías son unha creación da sociedade e da historia. O proceso desencadearíase cando os integrantes dun grupo teñen a sensación de ser vítimas dunha mesma inxustiza polo feito de pertenceren a unha categoría social dada. Como reacción, é posible que



Delegadas dos distintos países na Conferencia de México (1975) con motivo da celebración do primeiro Ano Internacional da Muller.

membros dunha minoría sintan a tentación de reivindicar en proveito propio unha especificidade determinada. Nun contexto de persecución ou de rexeitamento é bastante probable que os que compoñen unha minoría terminen por estimar que o que os distingue do resto da sociedade é o signo dominante da súa identidade social.

A propia capacidade de incidencia da minoría vai depender tanto dela mesma coma dos grupos que se lle opoñen, polo que as posicións do grupo minoritario deberán enfrontarse a determinadas crenzas que son asumidas pola maioría dos suxeitos ata ese momento. En consecuencia, a súa actuación deberá abordar dous grandes retos (Klandermans, 1994): lograr face-lo seu discurso socialmente visible e procurar substituí-las crenzas dominantes.

Isto lévanos a analiza-lo que Peressini (1993) denomina "Las dos caras de la identidad". A crecente reivindicación de identidades culturais, lingüísticas, físicas ou históricas, presenta unha dobre face. Por unha parte,



estas loitas pola identidade poden observarse como movementos de liberación de determinados grupos sociais, como estratexias para facer fronte a inxustizas diversas. Así, afirma-la diferenciación coa maioría, recobra-los aspectos fundamentais da propia cultura e fortalece-la solidariedade dentro do propio grupo, aparece como unha opción válida para saír dun estado de cousas que se considera inxusto.

Por outra parte, esas loitas tamén poden supoñer unha cerrazón dos grupos sociais sobre si, empeñados en resaltar de forma excluín-te as características que os distinguen, facendo cada vez máis difícil o encontro cos outros grupos. Neste suposto, a afirmación grupal pode chegar a supoñe-la exclusión dos considerados alleos. Para evitar este proceso, os grupos sociais deberían ter moi presente que a característica esencial da sociedade humana —e da súa cultura— non é a inmovilidade, senón o cambio. A cultura é dinámica e supón un proceso constante de adaptación a novas situacións. Aquelas concepcións estáticas, que a conciben como un conxunto *acabado* de crenzas, de tradicións, de valores ou, incluso, de pautas de comportamento, en definitiva, como un todo pechado, supoñen unha base sólida e sumamente perigosa de identidade excluín-te.

Reiterámo-la función simplificada, homoxeneizadora, da identidade social. Por esa razón a súa utilidade é tan evidente para os individuos, ó lles permitir nomearse a si mesmos e os outros. Distinguirse dos demais e dis-

tingui-los demais. Recoñecer que as persoas posúen identidades múltiples nas súas identificacións sociais, darse conta de que se pertence a diversas identidades sociais, é o mellor antídoto para evita-los perigos da identidade social, a súa cara negativa.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Adorno, T. W., E. Frenkel-Brumswick, D. J. Levinson, e R. N. Sanford, *La personalidad autoritaria*, Bos Aires, Proyección, 1950.
- Festinger, L., "Informal social communication", *Psychological Review*, 57, 1950, 271-282.
- "A Theory of social comparison processes", *Human Relations*, 57, 1954, 117-140.
- Jiménez Burillo, F., *Psicología Social*, vol. 2, Madrid, UNED, 1981.
- Klandermans, B., "La construcción social de la protesta y los campos pluriorganizados", en E. Laraña e J. Gusfield (eds.), *Los nuevos movimientos sociales. De la ideología a la identidad*, Madrid, CIS, 1994.
- Meintel, D., "¿Qué es una minoría?", *Correo de la UNESCO*, 10-13, xullo, 1993.
- Moscovici, S., *Psicología de las Minorías Activas*, Madrid, Morata, 1981.
- Mummedey, A., B. Simon, C. Dietze, M. Grünert, G. Haeger, S. Kessler, S. Lettgen, e S. Schäferhoff, "Cate-

- gorization is not enough: intergroup discrimination in negative outcome allocation", *Journal of Experimental Social Psychology*, 28, 1992, 125-144.
- Munné y Matamala, F., "Prejuicios, estereotipos y grupos sociales", en A. Rodríguez e J. Seoane, *Creencias, actitudes y valores*, Madrid, Alhambra Universidad, 1989.
- Peressini, M., "Las dos caras de la identidad", *Correo de la UNESCO*, 14-18, xullo, 1993.
- Rodríguez, M. S., J. M. Sabucedo, e C. Arce, "Estereotipos regionales y nacionales: Del conocimiento individual a la sociedad pensante", *Revista de Psicología Social*, 6, 1, 1991, 7-21.
- Sabucedo, J. M., B. Ekehammar, C. Arce, e A. Wendelheim, "Cognitive representation of European countries: A comparison between Swedish and Spanish samples", *Reports from the Department of Psychology, Stocholm University*, 722, 1990, 1-13.
- Sherif, M., e C. I. Hovland, *Social Judgement*, New Haven, Yale University Press, 1961.
- Tajfel, H., *Grupos humanos y categorías sociales*, Barcelona, Herder, 1984.
- Turner, J. C., *Redescubrir el grupo social*, Madrid, Morata, 1990.
- Turner, J. C., e H. Giles (eds.), *Intergroup behavior*, Oxford, Blackwell, 1981.

